



Desde o Obradoiro ao Gaiás / Desde el Obradoiro al Gaiás

**GAL**

Desde a histórica praza do Obradoiro á arquitectura contemporánea da Cidade da Cultura. Percorre este roteiro que atravesa o casco antigo, Patrimonio da Humanidade, se achega aos parques de Bonaval e Belvís, pasando polo animado barrio de San Pedro. Descubre xoias como a Colexiata do Sar, coas súas columnas inclinadas. Ascende polas sendas do Bosque de Galicia con vistas á cidade, e goza do solpor en Santiago desde o cumio do Gaiás.

[WWW.CIDADEDACULTURA.GAL](http://WWW.CIDADEDACULTURA.GAL)

FUNDACIÓN CIDADE DA CULTURA DE GALICIA

XUNTA DE GALICIA

COA COLABORACIÓN DE:

FUNDACIÓN USC

DEPORTIVA

SANTIAGO DE COMPOSTELA TURISMO

09 Bosque de Galicia



Máis información  
Máis información



**GAL**

O Barrio de Sar está delimitado polo **Bosque de Galicia**, a nova área verde de Santiago de Compostela. O Bosque de Galicia atópase nas ladeiras do Monte Gaiás, sobre o que se erixe a Cidade da Cultura de Galicia. Formado por 24 hectáreas de espazo natural, o Bosque de Galicia foi obxecto durante os anos 2015 e 2016 de labores de acondicionamento que permitiron a plantación de 6.000 árbores de diferentes especies autóctonas como bidueiros, carballos ou castiñeiros, así como a creación dunha rede de sendas duns 3 quilómetros con vistas á cidade. O Bosque de Galicia conclúe nunha área de lecer: o **Parque da Balea**, un espazo de xogo e descanso que homenaxea a un dos grandes artistas plásticos galegos, Urbano Lugrís.

**CAST**

El Barrio de Sar está delimitado por el **Bosque de Galicia**, la nueva área verde de Santiago de Compostela. El Bosque de Galicia se encuentra en las laderas del Monte Gaiás, sobre el que se erige la Cidade da Cultura de Galicia. Formado por 24 hectáreas de espacio natural, el Bosque de Galicia fue objeto durante los años 2015 y 2016 de labores de acondicionamiento que permitieron la plantación de 6.000 árboles de diferentes especies autóctonas como abedules, robles o castaños, así como la creación de una red de sendas de unos 3 kilómetros con vistas a la ciudad. El Bosque de Galicia finaliza en un área de ocio: el **Parque de la Balea**, un espacio de juego y descanso que homenajea a uno de los grandes artistas plásticos gallegos, Urbano Lugrís.

Roteiro ao Gaiás

Ruta autoguiada a pé á Cidade da Cultura de Galicia

Distancia: 5 km  
Tempo aprox.: 1 h.

Ruta autoguiada a pie a la Cidade da Cultura de Galicia

Distancia: 5 km  
Tiempo aprox.: 1 h.



10 Cidade da Cultura



Máis información  
Máis información



**GAL**

No alto do monte Gaiás álzase a **Cidade da Cultura de Galicia**, un complexo arquitectónico dedicado á cultura, á innovación e ao emprendemento. O arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta “cidade” que semella xurdir da terra para erixirse nunha icona da Galicia contemporánea. A Cidade da Cultura está formada por catro institucións: a **Biblioteca e Arquivo de Galicia**, o **Centro de Emprendemento**, o **Centro de Innovación Cultural** e o **Museo Centro Gaiás**. O complexo conta ademais coas **Torres Hejduk** e o **Xardín Literario**, unha zona verde situada no corazón do complexo dedicado aos escritores e poetas galegos.

**CAST**

En el alto del Gaiás se alza la **Cidade da Cultura de Galicia**, un complejo arquitectónico dedicado a la cultura, a la innovación y al emprendimiento. El arquitecto norteamericano Peter Eisenman diseñó esta “ciudad” que parece surgir de la tierra para erigirse en un icono de la Galicia contemporánea. La Cidade da Cultura está formada por cuatro instituciones: la **Biblioteca e Arquivo de Galicia**, el **Centro de Emprendemento**, el **Centro de Innovación Cultural** y el **Museo Centro Gaiás**. El complejo cuenta además con las **Torres Hejduk** y el **Xardín Literario**, una zona verde situada en el corazón del complejo dedicado a los escritores y poetas gallegos.

GAIÁS  
CIDADE DA  
CULTURA

GAL  
CAST

# Roteiro ao Gaiás

Ruta autoguiada a pé á Cidade da Cultura de Galicia

Ruta autoguiada a pie a la Cidade da Cultura de Galicia

01

PRAZA DO OBRADOIRO

02

SAN MARTIÑO PINARIO

03

PRAZA DE CERVANTES

04

SAN DOMINGOS DE BONAVAL

05

PARQUE DE BONAVAL

06

PARQUE DE BELVÍS

07

CIAC  
Centro de Interpretación Ambiental de Compostela

08

COLEXIATA DE SAR

09

BOSQUE DE GALICIA

10

CIDADE DA CULTURA

01

PRAZA DO OBRADOIRO

02

SAN MARTIÑO PINARIO

03

PRAZA DE CERVANTES

04

SAN DOMINGOS DE BONAVAL

05

PARQUE DE BONAVAL

06

PARQUE DE BELVÍS

07

CIAC

08

COLEXIATA DE SAR

09

BOSQUE DE GALICIA

10

CIDADE DA CULTURA



01

## Praza do Obradoiro


GAL

A praza do Obradoiro é o centro monumental de Santiago de Compostela. O seu nome parece derivarse dos talleres (obradoiros) de canteiros que traballaron na construción da fachada barroca da Catedral, que domina a praza e dá a benvinda aos miles de peregrinos que chegan polo Camiño de Santiago.

Os edificios que pechan a praza -a **Catedral**, o **Hostal dos Reis Católicos**, hoxe parador nacional e antes hospital de peregrinos; o **Colexio de San Xerome**, sede do Reitorado da Universidade, e o **Pazo de Raxoi**, sede do Concello- son representación dos principais polos da vida da capital galega: a relixión, a educación universitaria, a atención ao peregrino e ao viaxeiro, e a Administración.



Máis información  
Más información



GAL

Saíndo do Obradoiro polo arco que conecta a Catedral co **Pazo arcebispal de Xelmírez** chégase á praza da Inmaculada, enmarcada entre o mosteiro de San Martiño Pinario e a fachada catedralicia da Acibechería, que debe o seu nome á tradicional presenza de talleres dedicados á talla do acibeche. O **Mosteiro de San Martiño Pinario**, hoxe sede do Seminario Maior, foi fundado no século X para albergar a un grupo de monxes cuxa tarefa era vixiar o culto ás reliquias do Apóstolo. A súa extensión de máis de 20 mil metros cadrados convérteno no segundo meirande de España, só superado polo Escorial.

Máis información  
Más información



02

## San Martiño Pinario

CAST

Saliendo del Obradoiro por el arco que conecta la Catedral con el **Palacio Arzobispal de Xelmírez** se llega a la plaza de la Inmaculada, enmarcada entre el Monasterio de San Martín Pinario y la fachada catedralicia de la Acibechería, que debe su nombre a la tradicional presencia de talleres dedicados a la talla del azabache. El **Monasterio de San Martín Pinario**, hoy sede del Seminario Mayor, fue fundado en el siglo X para albergar a un grupo de monjes cuya tarea era vigilar el culto a las reliquias del Apóstol. Su extensión de más de 20 mil metros cuadrados lo convierten en el segundo monasterio más grande de España, solo superado por el Escorial.

03

## Praza de Cervantes

GAL

Seguindo a rúa da Acibechería desembocamos na **Praza de Cervantes**, coñecida no século XII como o ‘Foro’, por ser punto de reunión popular e o lugar onde o pregoeiro lía os acordos municipais e as ordenanzas do Arcebispo. Posteriormente, ao especializarse na venda de alimentos e mercadorías, o espazo adquiriu o nome de ‘praza do Campo’ e categoría de mercado principal. Trasladado o mercado á Praza de Abastos a finais do século XIX, a praza adquiriu o nome definitivo de Cervantes. Un busto do escritor coroa a fonte e recórdanos que o autor de Don Quijote era portador de dous apelidos de orixe galego: Cervantes e Saavedra.



Máis información  
Más información



GAL

Saíndo da améndoa histórica pola rúa das Casas Reais chegamos ao **Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC)**, deseñado polo arquitecto Álvaro Siza e inaugurado en 1993 para acoller as últimas tendencias en pintura, escultura, fotografía e instalacións. Tras el, o **Convento de San Domingos de Bonaval**, fundado en 1220 por San Domingos de Guzmán e hoxe sede do **Museo do Pobo Galego**, dedicado a recuperar e expoñer material etnográfico e antropolóxico sobre a vida e costumes de Galicia. Xunto a el está a **Igrexa de San Domingos de Bonaval**, que alberga o Panteón de Galegos Ilustres, no que descansan figuras como Castelao, Rosalía de Castro ou Alfredo Brañas.



Máis información  
Más información



04

## San Domingos de Bonaval

CAST

Saliendo de la almendra histórica por la calle de las Casas Reais llegamos al **Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC)**, diseñado por el arquitecto Álvaro Siza e inaugurado en 1993 para acoger las últimas tendencias en pintura, escultura, fotografía e instalaciones. Tras él, el **Convento de San Domingos de Bonaval**, fundado en 1220 por San Domingos de Guzmán y hoy sede del **Museo do Pobo Galego**, dedicado a recuperar y exponer material etnográfico y antropológico sobre la vida y costumbres de Galicia. Junto a él está la **Iglesia de San Domingos de Bonaval**, que alberga el Panteón de Galegos Ilustres, en el que descansan figuras como Castelao, Rosalía de Castro o Alfredo Brañas.

05

## Parque de Bonaval

GAL

O **parque de San Domingos de Bonaval**, situado sobre a antiga horta e cemiterio do convento dominico, foi rehabilitado como zona verde urbana segundo proxecto do arquitecto portugués Álvaro Siza. A actuación de Isabel Aguirre é un exemplo de perfecta adaptación á topografía e aos elementos e a organización tripartita que lle deron hai séculos os dominicos: horta, carballeira e cemiterio. Aos seus pés atopamos o típico **barrio de San Pedro**, que ten como eixo a rúa do mesmo nome, é unha boa mostra do Santiago popular: casas apiñadas, rúas estreitas, canellas, algúns vellos oficios, antigos comercios, pequenas tendas e, nos últimos tempos, comercios especializados, restaurantes e unha saudable vida nocturna.



Máis información  
Más información



GAL

Desde a Igrexa de San Pedro, accedemos ao **Parque de Belvís**, que se estende por unha valgada formada por prados cruzados por un regato. Os muros, os bancais do terreo e as vías históricas respectáronse no proxecto deste espazo verde que separa, e á vez relaciona, o recinto histórico coas edificacións do Convento de Belvís e do Seminario Menor, constituíndo un foso natural da cidade medieval. Fundado no século XIV, o **Convento de Belvís** foi reedificado na época barroca polo arcebispo mexicano Monroy, da orde dos dominicos. Construído nos 50 do século XX no estilo ecléctico característico en España nese momento, o Seminario Menor é, á vez, colexio, seminario e albergue de peregrinos.



Máis información  
Más información



06

## Parque de Belvís

CAST

Desde la Iglesia de San Pedro accedemos al **Parque de Belvís**, que se extiende por una vaguada formada por prados cruzados por un riachuelo. Los muros, los bancales del terreno y las vías históricas se respetaron en el proyecto de este espacio verde que separa, y a la vez relaciona, el recinto histórico con las edificaciones del Convento de Belvís y del Seminario Menor, constituyendo un foso natural de la ciudad medieval. Fundado en el XIV, el **Convento de Belvís** fue reedificado en la época barroca por el arzobispo mexicano Monroy, de la orden de los dominicos. Construido en los 50 del siglo XX en el estilo ecléctico característico en España en ese momento, el Seminario Menor es, a la vez, colegio, seminario y albergue de peregrinos.


07

## CIAC

Centro de Interpretación Ambiental de Compostela

GAL

Antes de saír do parque de Belvís e descubrir os encantos do Barrio do Sar, aínda nos queda unha última parada: o Centro de Interpretación Ambiental de Compostela (CIAC), un espazo dedicado a comprender mellor a nosa cidade e o seu medio natural. O CIAC levaravos pola complexidade da cidade de Compostela. Polos fluxos de entrada de enerxía, auga e subministracións básicas. Polos procesos de transformación, uso e os residuos xerados. Polas comunicacións que fan posible o seu funcionamento integrado. Polos diferentes espazos e ecosistemas, que fan de Santiago unha cidade integrada na súa contorna, sustentable e comprometida coa conservación da biodiversidade.



Máis información  
Más información



GAL

Tras cruzar o Parque de Belvís desembocamos no **Barrio de Sar**, chamado así polo río que o cruza. Nel atopamos a **Colexiata de Sar**, fundada no ano 1134. É o edificio románico mellor conservado de Santiago, aínda que dun modo case milagroso: ben por un defecto na fábrica, ben porque cedeu o terreo anegado polas augas do veciño río, as bóvedas baixaron, inclinando as columnas e os muros, polo que no século XVIII engadíronselle uns contrafortes que evitarán o seu derrubamento. O interior, de fermosas e harmónicas proporcións, impresiona por esa enganosa inclinación antigravitatoria das columnas. A edificación monacal anexa contén o pequeno **Museo de Arte Sacra**.



Máis información  
Más información



08

## Colexiata de Sar

CAST

Tras cruzar el Parque de Belvís desembocamos en el **Barrio de Sar**, llamado así por el río que lo cruza. En él encontramos la **Colegiata de Sar**, fundada en el año 1134. Es el edificio románico mejor conservado de Santiago, aunque de un modo casi milagroso: bien por un defecto en la fábrica, bien porque cedió el terreno anegado por las aguas del vecino río, las bóvedas bajaron, inclinando las columnas y los muros, por lo que en el siglo XVIII se le añadieron unos contrafuertes que evitarán su caída. El interior, de hermosas y harmónicas proporciones, impresiona por esa engañosa inclinación antigravitatoria de las columnas. La edificación monacal aneja contiene el pequeño **Museo de Arte Sacra**.